




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Pontevedra. Municipio: Bueu. Parroquias: Santa María de Beluso. Extensión: 0,59km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa de trazado irregular con paredes acantiladas de potencia media formadas por afloramentos rochosos e depósitos de ladeira. A vertente do monte de Castro de Udra presenta formas superficiais dómicas e grandes bloques resultado da intensa meteorización dun substrato granítico moi fracturado. As pendentes son variables entre moderadas e fortes localizándose os maiores desniveis na fachada norte. Inclúe o EIX Relevo granítico do Cabo Udra.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A zona de Cabo Udra recoñécese pola súa litoloxía de granodioritas con megacristais de feldespato, que presenta ademais, numerosas fracturas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de réxime obrotérmico Cálido e Húmido: temperatura media anual superior a 15°C e oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións medias sitúanse no rango de 1200mm a 1400mm ao ano.

OS SOLOS

Solos sobre materiais graníticos, en xeral pouco evolucionados con apenas dous horizontes e nos que con frecuencia aflora o substrato rochoso en superficie a modo de grandes bloques como resultado da intensa dinámica erosiva. En consecuencia dominan os umbrisoles, regosoles e leptosoles líticos.


AS AUGAS

Esta unidade formada por acantilados rochosos, conta con pequenos regatos temporais que constitúen a súa rede. O cabo atópase rodeado polas Augas Costeiras 20165.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Entorno mariño das Rías Baixas e ao LIC Cabo Udra. Área acantilada granítica co hábitat 1230, cantís mariños atlánticos e o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. A Praia de Pedrón non conta con dunas. Sobre as paredes rochosas domina o mato seco, 4040, breixo seco atlántico de Erica vagans e 4030, uces secas europeas. Pero nos sucros de fractura e alvéolos, desenvólvense breixeiras húmidas atlánticas de Erica ciliaris e Erica tetralix (hábitat 4020). Por último, aparecen afloramentos dispersos que inclúen os ambientes do grupo 82 de hábitats, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

As vertentes do acantilado están tapizadas por vexetación de mato atlántico. Unha cobertura que só se ve interrompida na zona noroeste, por manchas de árbores de repoboamento mesturadas coas escasas edificacións presentes especialmente nas inmediacións da Praia de Pedrón.

MORFOLOXÍA

O único asentamento que se localiza na unidade é o núcleo tradicional de Sar (aínda que a maioría do núcleo non pertence a esta unidade). Localizado no nordeste aproximadamente a uns 25 metros sobre o nivel del mar. Presenta unha tipoloxía unifamiliar que non supón unha importante alteración do entorno. Por último cómpre subliñar a presenza dunha Aula de Natureza no noroeste, produto da rehabilitación de antigos barracóns militares.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

No ámbito esténdese unha estrada asfaltada, a PO-1302, que transita polo nordeste do territorio, onde finaliza o seu trazado. O resto da rede viaria está constituída por unha densa trama de camiños secundarios de acceso ás propiedades particulares e por sendas que percorren o espazo natural de Cabo Udra.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Tan só figura como elemento patrimonial o Castro de Udra, situado na maior cota da unidade, enfrontado á Punta Centoleira.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Presencia case continua de mato costeiro sobre unha topografía de pendentes moderadas a fortes e moi pouco humanizada, sendo o factor dominante da paisaxe a franxa litoral na súa maioría acantilada (exceptuando a Praia de Pedrón), o cal lle proporciona á unidade altos niveis de naturalidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

As terras de cultivo na zona nordeste do territorio están ocupadas na actualidade por masas forestais de repoboamento. En canto aos asentamentos, destacar a aparición de algún disperso na vertente repoboada. A rede viaria apenas se modificou no último medio século.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Escenario de alto valor paisaxístico e ambiental caracterizado por un prolongado marco de acantilados que constitúen o Cabo Udra. A súa calidade paisaxística, deriva da súa privilexiada posición para gozar dos fondos escénicos próximos e a súa calidade ambiental procede do valor ecolóxico dos seus hábitats, recoñecido polas figuras de protección LIC e ZEPVN. As mellores panorámicas pódense obter tanto dende o Castro de Udra coma dende a praia de Encaradoiro sendo estes uns excelentes puntos de contemplación. Tanto esta unidade como moitas outras son observables dende o mirador de Cotorredondo no Concello de Vilaboá.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



